



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias agosto 2018

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia neste mes de agosto do ano 2018 acadou a cifra de 1.020.387 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de xullo de 2018 de 1.159 afiliacións (un -0,11%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.839.814, rexistrando unha diminución do 1,07% con respecto ao pasado mes de xullo.

Na comparativa interanual (agosto de 2018 con agosto de 2017) obsérvase un incremento de 21.496 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,15%), e un incremento do 2,89% (529.970 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xullo deste ano 2018, rexístranse aumentos en Cantabria (0,29%), Canarias (0,27%) e Asturias (0,27%), presentando decrecemento no número de afiliacións medias todas as demais entre as que destacan: Murcia (-2,45%), Cataluña (-1,91%), Comunitat Valenciana (-1,69%), Aragón (-1,39%) e País Vasco (-1,38%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Madrid, Canarias, Comunitat Valenciana, Navarra e Castilla La Mancha (todas elas con taxas superiores ao 3%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 2,89%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2018	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.839.814	-202.996	-1,07	529.970	2,89
Galicia	1.020.387	-1.159	-0,11	21.496	2,15
Andalucía	3.025.315	-19.028	-0,63	86.494	2,94
Aragón	570.683	-8.043	-1,39	12.630	2,26
Asturias	369.097	988	0,27	2.682	0,73
Illes Balears	576.413	-3.549	-0,61	15.836	2,82
Canarias	789.045	2.127	0,27	29.521	3,89
Cantabria	223.593	644	0,29	4.584	2,09
Castilla La Mancha	695.247	-7.067	-1,01	21.271	3,16
Castilla y León	923.384	-3.848	-0,41	17.444	1,93
Cataluña	3.375.401	-65.891	-1,91	80.983	2,46
Comunitat Valenciana	1.835.786	-31.498	-1,69	64.971	3,67
Extremadura	397.306	-1.241	-0,31	6.697	1,71
Madrid	3.083.596	-36.595	-1,17	118.807	4,01
Murcia	567.301	-14.219	-2,45	15.710	2,85
Navarra	280.415	-560	-0,20	8.820	3,25
País Vasco	936.334	-13.101	-1,38	17.261	1,88
La Rioja	125.965	-1.643	-1,29	2.432	1,97
Ceuta e Melilla	44.546	489	1,11	2.332	5,52

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de agosto de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,99%, o que supón 10.376 afiliacións máis, seguida de A Coruña (1,88%) e Lugo (1,43%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 1.339 afiliacións máis que en agosto de 2017, un incremento relativo do 1,30%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de agosto con respecto ás do mes de xullo de 2018, rexistrouse unha diminución en Galicia do 0,11%. As provincias de A Coruña (0,07%) e Lugo (0,46%) amosan datos positivos, mentres que Ourense (-0,25%) e Pontevedra (-0,50%) presentan datos negativos.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2018	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	434.024	319	0,07	8.019	1,88
LUGO	124.996	574	0,46	1.762	1,43
OURENSE	104.141	-263	-0,25	1.339	1,30
PONTEVEDRA	357.226	-1.789	-0,50	10.376	2,99
GALICIA	1.020.387	-1.159	-0,11	21.496	2,15
ESPAÑA	18.839.814	-202.996	-1,07	529.970	2,89


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,0% das afiliacións galegas en agosto de 2018, incrementáronse un 0,03% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,13%. En España estas taxas foron do -1,18% con respecto a xullo de 2018 e do 3,29% en relación ao mes de agosto de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,8%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,03%. Para este réxime e con respecto ao mes de xullo de 2018, estas taxas son igualmente negativas en todas as provincias. Temos así unha taxa do -0,62% para o conxunto de Galicia. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación negativa nos datos con respecto a xullo de 2018 (-0,55%) e unha variación interanual positiva con respecto a agosto de 2017 (1,12%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a agosto de 2017 son moi negativas en Lugo (-2,92%), sendo a taxa galega do -0,76%, inferior ao dato de España (0,21%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a xullo de 2018) temos comportamentos negativos (agás en Pontevedra (0,06%)) e a taxa galega amosa así unha diminución do 0,08% con respecto a xullo de 2018. A taxa nacional é do -0,60%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN AGOSTO 2018	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	434.024	0,07	1,88
LUGO	124.996	0,46	1,43
OURENSE	104.141	-0,25	1,30
PONTEVEDRA	357.226	-0,50	2,99
GALICIA	1.020.387	-0,11	2,15
ESPAÑA	18.839.814	-1,07	2,89
R. XERAL			
A CORUÑA	341.888	0,14	2,57
LUGO	88.550	0,94	2,89
OURENSE	79.825	0,44	2,91
PONTEVEDRA	275.726	-0,53	3,99
GALICIA	785.989	0,03	3,13
ESPAÑA	15.519.469	-1,18	3,29
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.347	-0,17	-0,57
LUGO	34.852	-0,71	-1,92
OURENSE	24.317	-2,46	-3,63
PONTEVEDRA	67.394	-0,49	-0,19
GALICIA	212.910	-0,62	-1,03
ESPAÑA	3.249.275	-0,55	1,12
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.790	-0,41	-0,75
LUGO	1.594	-0,13	-2,92
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	14.105	0,06	-0,51
GALICIA	21.489	-0,08	-0,76
ESPAÑA	68.884	-0,60	0,21

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>